

VIA FIC XIV VERÍN 2023

Do 8 ao 17 de setembro
VIII EDICIÓN

Felices futuras imperfectas

♥ 123

♥ 820

ORGANIZA:



VIA XIV FIC VERÍN 2023

ÍNDICE

- 3 // Patrocinadores e colaboradores**
Patrocinadores y colaboradores
- 4 // Saúdo**
Saludas
- 10 // Xurado e Premios**
Jurado y premios
- 13 // Actividades Paralelas**
Actividades Paralelas
- 30 // Programa**
Programa
- 33 // Guía de curtas FIC Vía XIV 2023**
Guía de cortos FIC Vía XIV 2023
- 66 // Equipo de traballo**
Equipo de trabajo

Máis información en:

 facebook.com/ficviaxiv

 [@ficviaxiv](https://twitter.com/ficviaxiv)

 [@ficviaxiv](https://instagram.com/ficviaxiv)

www.verin.es

www.ficviaxiv.com

PATROCINADORES E COLABORADORES

PATROCINADORES Y COLABORADORES

ORGANIZAN



PATROCINAN



COLABORAN



SAÚDO DO CONCELLO DE VERÍN

ARREDOR DAS FRONTEIRAS FUTURAS

Steven Spielberg pronosticou na revista Time que “un día, un neno cunha cámara de vídeo fará unha obra mestra, como Mozart fixo co piano. Só terá unha pequena cámara, fará a súa película e a `porá no aire` e todo o mundo a verá”. Corenta anos despois desta predición do xenio do cinema, xa é tempo de debater se acertou ou non. Se ben como tal non ten aparecido ese neno prodixio, si que podemos identificar como cumpridas na esencia parte das dúas afirmacións. Andamos todos con “pequenas cámaras de vídeo” case incorporadas ao noso corpo grazas aos teléfonos móbiles. Efectivamente, contan todos eles cunha pequena pantalla, e ata os nenos poden “poñer no aire” os seus vídeos de xeito instantáneo, ao dispor do mundo enteiro.

Implicítamente, Steven Spielberg si acertou: estaba a predecir Tik-Tok e as restantes redes sociais, e o papel de produtores de inxentes cantidades de imaxes que todos pasaríamos a xogar. Acertou na súa metáfora sobre a universalización da linguaxe, aínda que non na aparición dese “neno Mozart” do cine. De momento.

Hoxe, igual que acontecía en 1982 coas cámaras de vídeo domésticas, está a enristrar nas nosas vidas a tecnoloxía da Intelixencia Artificial, mentres o noso mundo comeza a sentir máis ca nunca os efectos do cambio climático.

Nestes mesmos intres, quizais nalgún megaservidor dunha empresa tecnolóxica, ou nun ordenador cuántico, ou no portátil dun mozo que programa código con Python, pode que estea a nacer o programa de IA definitivo, o algoritmo final que mudará para sempre a relación do ser humano coa tecnoloxía.

Pode que este programa atope a solución para o cambio climático, ou pode que contribúa a acentuar máis os problemas do planeta terra e as tensións entre países, enviándonos directamente pola senda das especies fallidas. Iso non o podemos saber, aínda que o que si é indubidable é que as novas intelixencias estanse xestando e o futuro, posiblemente, xa non estea onda nós.

O Festival Internacional de Curtas de Verín non quere permanecer alleo a este proceso, e coa nosa vocación de analizar todas as fronteiras do mundo, sabemos que a IA será a gran fronteira intanxible do século XXI, e por iso abrimos a nosa especial aduana para a súa análise. Igual que ao cambio climático, a fronteira invisible máis palpable, que agora se impón como punto principal para o pensamento crítico e intelixente sobre o noso futuro.

Desde Verín, referente e faro cultural da provincia de Ourense, invitámosvos a todos a acompañarnos na ascensión deste novo banzo cara a madurez neste Festival Internacional de Curtas Vía XIV do ano 2023, e a participar nesta crucial reflexión global sobre as fronteiras que deberá cruzar o futuro da nosa especie.

Concello de Verín

SALUDA DEL AYUNTAMIENTO DE VERÍN

ALREDEDOR DE LAS FRONTERAS FUTURAS

Steven Spielberg predijo en la revista Time que “un día, un niño con una cámara de video hará una obra maestra, como lo hizo Mozart con el piano. Sólo tendrá una cámara pequeña, hará su película y la pondrá al aire y el mundo entero la verá”.

Cuarenta años después de esta predicción sobre la genialidad del cine, es hora de debatir si ha acertado o no. Aunque ese niño prodigio no ha aparecido como tal, podemos identificar como esencialmente cumplidas parte de las dos afirmaciones. Todos caminamos con “pequeñas cámaras de vídeo” casi incorporadas a nuestro cuerpo gracias a los teléfonos móviles. De hecho, todos tienen una pantalla pequeña, e incluso los niños pueden “poner sus vídeos al aire” instantáneamente, a disposición de todo el mundo.

Implicítamente, Steven Spielberg sí acertó: estaba pronosticando Tik-Tok y el resto de redes sociales, y el papel de productores de ingentes cantidades de imágenes que estaríamos jugando todos. Tenía razón en su metáfora sobre la universalización del lenguaje, aunque no en la aparición de ese “niño Mozart” de las películas. De momento.

Hoy, tal como sucedió en 1982 con las cámaras de video domésticas, la tecnología de Inteligencia Artificial está entrando en nuestras vidas, mientras nuestro mundo comienza a sentir los efectos del cambio climático más que nunca. En este momento, tal vez en algún megaservidor de una empresa de tecnología, o en una computadora cuántica, o en la computadora portátil de un tipo programando código con Python, puede estar naciendo el último programa de Inteligencia Artificial, el algoritmo final que cambiará la relación humana para siempre. con la tecnología.

Este programa puede encontrar la solución al cambio climático, o puede contribuir a acentuar aún más los problemas del planeta tierra y las tensiones entre países, enviándonos directamente por el camino de las especies fallidas. Eso no lo podemos saber, aunque lo que sí es indudable es que están surgiendo nuevas inteligencias y el futuro, posiblemente, ya no sea el nuestro.

El Festival Internacional de Cortometrajes de Verín no quiere quedarse al margen de este proceso, y con nuestra vocación de analizar todas las fronteras del mundo, sabemos que la IA será la gran frontera intangible del siglo XXI, y por eso hemos abierto nuestra aduana especial para su análisis. Al igual que el cambio climático, la frontera invisible más palpable, que ahora se erige como punto principal para el pensamiento crítico e inteligente sobre nuestro futuro. Desde Verín, referente y faro cultural de la provincia de Ourense, os invitamos a todos a acompañarnos en la ascensión de este nuevo banzo hacia la madurez en este Festival Internacional de Cortos Vía XIV del año 2023, y a participar en esta crucial reflexión global sobre las fronteras que deberá cruzar el futuro de nuestra especie.

Ayuntamiento de Verín



SAÚDO DO EQUIPO DE VISIONADO DAS SECCIÓNS OFICIAIS DO FIC VÍA XIV 2023

O cinema conversa coa súa historia

Dedicado a HH e ao Cineclub Nosferatu

Calquera curtametraxe —incluso a de duración máis ínfima— é, na culminación das súas posibilidades, unha totalidade, non o resumo, anuncio ou prontuario dunha obra de maior metraje. Na profundidade manancial dos seus planos (composición da imaxe, uso do son, posta en escena), ou na significación das súas relacións (montaxe, movemento, tempo), comprendemos unha realidade en desvelo. Exemplos: nun simple xesto, a ilusión, verdade e forza dunha idea; nunha palabra calada, o fervor dunha emoción; nun xentío ruidoso e alleo, a natureza esencial do ser humano que busca infatigable o seu lugar no mundo. Baixo un signo histórico, toda selección fílmica —ejercicio de diálogo polo que advertir novas expresións do cinematógrafo ou aseverar a incesante mudez da actual produción audiovisual— é herdanza e representación do seu tempo. Na súa fatalidade, calquera elección nos sería útil aínda que non a celebremos. Obras amontoándose no máis improvisado dos azares ou sometidas a unha ideoloxía imperante son, aínda xacentes na súa plana e explícita mediocridade, fragmentos dunha construción maior: o bloque gretado, cuberto de musgo ou hedra e sen cor, sostén tamén o muro ao que nos enfrentamos. Por outra banda, o cinema que é en verdade cinema conversa coa súa historia, transita por ela, ansía asumirla, continuala, aborrecela ou facela añicos. Pasemos dende aí a considerar a programación deste festival de curtametraxes. A selección desta edición é unha mostra significativa tanto dos modos maioritarios de facer cinema na actualidade coma do índice dos seus temas, a través da mirada de cineastas que comezan hoxe a dar os seus primeiros pasos. Nelles entrevemos un camiño. Encontraremos nel un cinema futuro? Para sabelo, debemos ver os seus filmes. Asistamos entón ás súas proxeccións.

DDB



SALUDA DEL EQUIPO DE VISIONADO DE LAS SECCIONES OFICIALES DEL FIC VÍA XIV 2023

El cine conversa con su historia

Dedicado a HH y al Cineclub Nosferatu

Cualquier cortometraje -incluso el de duración más ínfima- es, en la culminación de sus posibilidades, una totalidad, no un resumen, anuncio o prontuario, de una obra de mayor metraje. En la profundidad manancial de sus planos (composición de la imagen, uso del sonido, puesta en escena) o en la significación de sus relaciones (montaje, movimiento, tiempo), comprendemos una realidad en desvelo. Ejemplos: en un simple gesto, la ilusión, verdad y fuerza de una idea; en una palabra callada, el hervor de una emoción; en un gentío ruidoso y ajeno, la naturaleza esencial del ser humano que busca infatigable su lugar en el mundo.

Bajo un signo histórico, toda selección fílmica -ejercicio de diálogo por el que advertir nuevas expresiones del cinematógrafo o aseverar el incesante silencio de la actual producción audiovisual- es herencia y representación de su tiempo. En su fatalidad, cualquier elección nos sería útil aunque no la celebremos. Obras amontonándose en el más improvisado de los azares o sometidas a una ideología imperante son, aun yacentes en su plana y explícita mediocridad, fragmentos de una construcción mayor: el bloque agrietado, cubierto de musgo o de hiedra y sin color, sostiene también el muro al que nos enfrentamos. Por otra parte, el cine que es en verdad cine conversa con su historia, transita por ella, ansía asumirla, continuarla, aborrecerla o hacerla añicos. Pasemos desde ahí a considerar la programación de este festival de cortometrajes.

La selección de esta edición es una muestra significativa tanto de los modos mayoritarios de hacer cine en la actualidad como del índice de sus temas, a través de la mirada de cineastas que comienzan hoy dar sus primeros pasos. En ellos entrevemos un camino. ¿Encontraremos en él un cine de futuro? Para saberlo, debemos ver sus films. Asistamos entonces a sus proyecciones.

DDB



SAÚDO DO EQUIPO ORGANIZADOR DO FESTIVAL

Co foco posto na sostibilidade

Ano tras ano, e xa van oito convocatorias coa deste 2023, os membros do equipo encargado de promover o FIC Vía XIV de Verín afrontamos con ilusión o desafío de seguir fortalecendo con esta iniciativa a axenda cultural da nosa comarca. Unha localidade que sempre sentiu unha gran paixón polo cinema e que mesmo chegou a ter cinco salas de proxección.

Aqueles e aquelas que conformamos o equipo profesional que fai posible o certame, encabezados pola directiva da Asociación Cultural Vía XIV, asumimos o reto de recoller o legado daqueles outros e outras que no pasado posibilitaron que Verín brilase como un dos enclaves da provincia con maior tradición cinematográfica.

Gran parte dos membros do cadro de persoal actual do FIC levamos anos respaldando o proxecto e fomos integrándonos, paseniñamente, no tecido cultural activo da comarca.

Así, cada ano traemos ata a vila un festival que pretende poñer en valor unha selección das curtas máis representativas da actualidade, procedentes de diversos países, e encadradas nas categorías que definen o noso certame conforme aos eixos temáticos de Entroido-Emigración e Fronteira.

Co foco especialmente posto na sostibilidade, a edición do FIC Vía XIV deste ano continuará achegando ata os verineses e verinesas unha grella na que, ademais das proxeccións oficiais no marco do concurso do certame, se inclúen actividades paralelas de diverso tipo: música, gastronomía, obradoiros sobre diferentes temáticas e accións orientadas especialmente aos cativos conforman unha programación vibrante que pretende continuar erixindo o FIC Vía XIV como un auténtico contedor cultural que dinamice a vila durante toda unha semana.

Pero o noso obxectivo vai máis alá, temos a ambición de ser unha plataforma cultural estable que poida programar diversas actividades ao longo de todo ano e non só durante o tempo no que o festival está propiamente activo. Para iso, contamos co apoio e respaldo de diversas organizacións privadas e institucións públicas, en especial coa do Concello de Verín, ao que agradecemos a súa firme aposta polo FIC Vía XIV.

Co desexo de que todos e todas poidades gozar da axenda programática que con todo o agarimo deseñamos este ano, e que podedes consultar neste catálogo, queremos agradecer vos tamén a vós, aos espectadores e asistentes, o voso incondicional apoio, sen o cal este festival non sería posible.



SAÚDA DO EQUIPO ORGANIZADOR DO FESTIVAL

Con el foco puesto en la sostenibilidad

Año tras año, y van ocho convocatorias con la de este 2023, los miembros del equipo encargado de promover el FIC Vía XIV de Verín afrontamos con ilusión el desafío de seguir fortaleciendo con esta iniciativa la agenda cultural de nuestra comarca. Una localización que siempre ha sentido una gran pasión por el cine y que incluso llegó a contar con cinco salas de proyección.

Aquellos y aquellas que conformamos el equipo profesional que hace posible el certamen, encabezados por la directiva de la Asociación Cultural Vía XIV, asumimos el reto de recoger el legado de aquellos otros y otras que en el pasado posibilitaron que Verín brillase como uno de los enclaves de la provincia de Ourense con mayor tradición cinematográfica.

Gran parte de los miembros de la plantilla actual do FIC llevamos años respaldando el proyecto y nos hemos ido integrando, paulatinamente, en el tejido cultural activo de la comarca.

Así, cada año traemos hasta la villa un festival que pretende poner en valor una selección de los cortos más representativos de la actualidad, procedentes de diversos países, y encuadrados en las categorías que definen nuestro certamen conforme a los ejes temáticos de Entroido-Emigración y Frontera.

Con el foco especialmente puesto en la sostenibilidad, la edición del FIC Vía XIV de este año continuará acercando a todos los verineses y verinesas una parrilla en la que, además de las proyecciones oficiales en el marco del concurso del certamen, se incluyen actividades paralelas de diverso tipo: música, gastronomía, talleres de diversas temáticas y acciones orientadas especialmente a los más pequeños conforman una programación vibrante que pretende continuar erigiendo al FIC Vía XIV como un auténtico contenedor cultural que dinamice la villa durante toda una semana.

Pero nuestro objetivo va más allá, tenemos la ambición de ser una plataforma cultural estable que pueda programar diversas actividades a lo largo del todo el año y no solamente durante el tiempo en el que el festival está propiamente activo. Para eso, contamos con el apoyo y respaldo de diferentes organizaciones privadas e instituciones públicas, en especial con la del Ayuntamiento de Verín, al que agradecemos su firme apuesta por el FIC Vía XIV.

Con el deseo de que todos y todas podáis disfrutar de la agenda programática que con todo el cariño hemos diseñado este año, y que podéis consultar en este catálogo, queremos agradecer también a vosotros, a los espectadores y asistentes, vuestro incondicional apoyo, sin el cual este festival no sería posible.



XURADO

Membros do xurado oficial do FIC Vía XIV 2023

Toni Salgado: Este actor profesional, natural de Verín, logo de iniciarse na Aula de Teatro da Universidade de Santiago, onde permaneceu catro anos (2000-2004), formando parte do elenco en montaxes como *Os vellos non deben namorarse*, *O Burgués xentilhome*, *Matanza*, *Apnea* ou *Hamlet*, seguiu a súa andaina no teatro da man da compañía profesional A Factoría Teatro participando en montaxes como *O canto do Dime-Dime*, *lesi Cebola contra a doutora Rabia Rabiña*, *Os homes só contan até tres*, *Castronós*, *o baile*, *Sr. Mundo, dígame?* ou *Alicia & Alicia*. No ámbito audiovisual, participou en series como *Escoba!*, *Piratas*, *Pratos combinados*, *Mar Libre*, *Pazo de familia*, *Serramoura*, *A estiba*, *Néboa*, *El punto frío*, *O sabor das margaridas*, *El secreto de Puenteviejo*, *La casa de papel*, *Rapa* ou filmes como *Doentes* ou *La sombra de la ley*, entre outras.

Nicolás Afonso: Natural de Verín, Afonso sinala que malia “que non vivo do cinema, o cinema é a miña vida”. Licenciado en Ciencias Químicas, posúe unha dilatada experiencia profesional de máis de dúas décadas como tecnólogo en diferentes organismos e empresas. Porén, a súa paixón pola sétima arte levouno dende a dirixir curtas experimentais ata abrirse camiño coma un recoñecido xornalista cinematográfico con dúzias de colaboracións en medios en papel, audiovisuais e tamén en canais dixitais. Entre outras publicacións, escribiu sobre cine para Fanzine Impacto Crítico ou para diversos rotativos mexicanos como corresponsal freelance. Xunto a isto, na actualidade colabora con diferentes podcasts especializados en cinema. Conta con formación en arte dramático e tamén en montaxe e dirección audiovisual.

Nora Sola: Xornalista, empresaria e directora de varias edicións do Festival Internacional de Cine de Ourense, Nora Sola é unha profesional que estivo toda a súa vida vinculada aos medios de comunicación. Posúe unha ampla experiencia en prensa, radio e televisión que abrangue todos campos, dende a produción ata a dirección en todos e cada un dos seus proxectos. Na actualidade e tras a súa xubilación é colaboradora en diferentes programas de radio e televisión, directora do “Club de Lectura” e do grupo de “Teatro Leído Berenguela” de Afundación Abanca, ademais de presidenta comarcal de Cruz Vermella Española en Verín.



JURADO

Miembros del jurado oficial del FIC Vía XIV 2023

Toni Salgado: Este actor profesional, natural de Verín, tras iniciarse en la Aula de Teatro de la Universidad de Santiago, en la que permaneció durante cuatro años (2000-2004), formando parte del elenco en montajes como *Os vellos non deben namorarse*, *O Burgués xentilhome*, *Matanza*, *Apnea* o *Hamlet*, siguió su andadura en el teatro de la mano de la profesional A Factoría Teatro participando en montajes como *O canto do Dime-Dime*, *lesi Cebola contra a doutora Rabia Rabiña*, *Os homes só contan até tres*, *Castronós*, *o baile*, *Sr. Mundo, dígame?* o *Alicia & Alicia*. En el ámbito audiovisual, ha participado en series como *Escoba!*, *Piratas*, *Pratos combinados*, *Mar Libre*, *Pazo de familia*, *Serramoura*, *A estiba*, *Néboa*, *El punto frío*, *O sabor das margaridas*, *El secreto de Puenteviejo*, *La casa de papel*, *Rapa* o películas como *Doentes* o *La sombra de la ley*, entre otras.

Nicolás Afonso: Natural de Verín, Afonso señala que a pesar de “que no vivo del cine, el cine es mi vida”. Licenciado en Ciencias Químicas, posee una dilatada experiencia profesional como tecnólogo en diferentes organismos y empresas. Sin embargo, su pasión por el séptimo arte lo ha llevado desde a dirigir cortos experimentales hasta abrirse camino como un reconocido periodista cinematográfico con docenas de colaboraciones en medios en papel, audiovisuales y también en canales digitales. Entre otras publicaciones, ha escrito sobre cine para Fanzine Impacto Crítico o para diversos rotativos mexicanos como corresponsal freelance. Junto a esto, en la actualidad colabora con diferentes pódcast especializados en cine. Cuenta con formación en arte dramático y también en montaje y dirección audiovisual.

Nora Sola: Periodista, empresaria y directora de varias ediciones del Festival Internacional de Cine de Ourense, Nora Sola es una profesional que estuvo toda su vida vinculada a los medios de comunicación. Posee una amplia experiencia en prensa, radio y televisión que abarca todos los campos, desde la producción hasta la dirección en todos y cada uno de sus proyectos. En la actualidad y tras su jubilación es colaboradora en diferentes programas de radio y televisión, directora del “Club de Lectura” y del grupo de “Teatro Leído Berenguela” de Afundación Abanca, además de presidenta comarcal de Cruz Roja Española en Verín.

PREMIOS

- Premio do Xurado á **Mellor Curtametraxe da Categoría Oficial Outra Mirada:**
750€ e Trofeo.
- Premio do Xurado á **Mellor Curtametraxe da Categoría Horizontes:**
750€ e Trofeo.
- Premio do Xurado á **Mellor Curtametraxe da Categoría Oficial A Raia:**
750€ e Trofeo.
- Premio do Xurado á **Mellor Curtametraxe da Categoría Oficial Nova**
(patrocinado por Fundación Dentalnova):
750€ e Trofeo.
- Premio Especial ao **Mellor Traballo Exhibido na Sección Infantil:**
750€.
- Premio Especial do Público á **Mellor Curtametraxe:**
600€ e Trofeo.

PREMIOS

- Premio del Jurado al **Mejor Cortometraje de la Categoría Oficial Outra Mirada:**
750€ y Trofeo.
- Premio del Jurado al **Mejor Cortometraje de la Categoría Horizontes:**
750€ y Trofeo.
- Premio del Jurado al **Mejor Cortometraje de la Categoría Oficial A Raia:**
750€ y Trofeo.
- Premio del Jurado al **Mejor Cortometraje de la Categoría Oficial Nova**
(patrocinado por Fundación Dentalnova):
750€ y Trofeo.
- Premio Especial al mejor **Trabajo Exhibido en la Sección Infantil:**
750€.
- Premio Especial del Público al **Mejor Cortometraje:**
600€ y Trofeo.

CONCURSO DE ESCAPARATISMO

**Actividade en colaboración con AEVER
(desenvolvida en toda a localidade de Verín)**

01-09-2023 a 17-09-2023

Esta actividade paralela ten como destinatarios os negocios integrados na Asociación de Empresarios de Verín, AEVER, aos que a organización do FIC Vía XIV anima a engalanar os seus escaparates con motivos relacionados co cinema entre o 1 e o 17 de setembro de 2023. Os tres mellores escaparates serán premiados con 150, 75 e 50 euros respectivamente e os establecementos distinguidos polo xurado daranse a coñecer no decurso da semana do certame.

CONCURSO DE ESCAPARATISMO

**Actividad en colaboración con AEVER
(desarrollada en toda la localidad de Verín)**

01-09-2023 a 17-09-2023

Esta actividad tiene como destinatarios los negocios integrados en Asociación de Empresarios de Verín, AEVER, a los que la organización del FIC Vía XIV anima a engalanar sus escaparates con motivos relacionados con el cine entre el 1 y el 17 de septiembre de 2023. Los tres mejores escaparates serán premiados con 150, 75 y 50 euros respectivamente y los establecimientos distinguidos por el jurado se darán a conocer en el decurso de la semana del certamen.

OBRADOIRO: INTERPRETACIÓN ANTE A CÁMARA

Auditorio de Verín

Entre o 08-09 de 2023 e o 10-09 de 2023

Este obradoiro pretende achegar aos seus participantes técnicas fundamentais para que poidan actuar con naturalidade e confianza perante a cámara. Ofreceranse claves para transmitir emocións, expresións e mensaxes a través do movemento, o ton da voz e a linguaxe corporal. Ademais, posibilitarase aos asistentes a oportunidade de practicar en escenarios simulados coa finalidade de que poidan mellorar as súas habilidades para o desenvolvemento de proxectos interpretativos. O FIC Vía XIV promove esta actividade, de 22 horas de duración e impartida por Santi Cañaverl e Álex Mallo, en colaboración coa Escola de Teatro Kotodama.

TALLER: INTERPRETACIÓN ANTE LA CÁMARA

Auditorio de Verín

Entre el 08-09 de 2023 y el 10-09 de 2023

Este taller pretende acercar a sus participantes técnicas fundamentales para

que puedan actuar con naturalidad y confianza ante la cámara. Se ofrecerán claves para transmitir emociones, expresiones y mensajes a través del movimiento, el tono de la voz y el lenguaje corporal. Además, se posibilitará a los asistentes la oportunidad de practicar en escenarios simulados con la finalidad de que puedan mejorar sus habilidades para el desarrollo de proyectos interpretativos. El FIC Vía XIV promueve esta actividad, de 22 horas de duración e impartida por Santi Cañaverl y Álex Mallo, en colaboración con la Escuela de Teatro Kotodama.

PROYECCIÓN UN VIAJE HACIA NOSOTROS

Auditorio de Verín

08-09-2023 // 20.30 horas

Na xornada inaugural do FIC Vía XIV 2023 proxectarase o documental *Un viaxe hacia nosotros*, guionizado por Pepe Viyuela e dirixido por Luis Cintora. Un traballo de 70 minutos de duración cun marcado carácter biográfico, no que Viyuela leva a cabo pescudas sobre o pasado da súa familia seguindo o rastro do seu avó Gervasio, que loitou na Guerra Civil Española. Tras o pase do documental, celebrárase un coloquio no Auditorio no que está previsto que participe o propio Viyuela.

PROYECCIÓN UN VIAJE HACIA NOSOTROS

Auditorio de Verín

08-09-2023 // 20.30 horas

En la jornada inaugural del FIC Vía XIV se proyectará el documental *Un viaje hacia nosotros*, guionizado por Pepe Viyuela y dirigido por Luis Cintora. Un trabajo de 70 minutos de duración con un marcado carácter biográfico, en el que Viyuela lleva a cabo pesquisas sobre el pasado de su familia siguiendo el rastro de su abuelo Gervasio, que luchó en la Guerra Civil Española. Tras el pase del documental, se celebrará un coloquio en el Auditorio en el que está previsto que participe el propio Viyuela.

DEGUSTACIÓN DE VIÑOS: TÚNEL DO VIÑO DA D.O. MONTERREI

Espazo exterior do Auditorio de Verín

08-09-2023 // 22.00 horas

Outra das actividades gastronómicas que se impulsarán permitirá á veciñanza e convidados ao FIC gozar dunha degustación dos viños máis representativos da zona nunha cata na que se achegarán claves sobre os valores diferenciais dos brancos e tintos amparados baixo o selo de calidade da D.O. Monterrei.

DEGUSTACIÓN DE VINOS: TÚNEL DEL VINO DE LA D.O. MONTERREI

Espacio exterior do Auditorio de Verín

08-09-2023 // 22.00 horas

Otra de las actividades gastronómicas que se impulsarán permitirá a los ve-

cinos y vecinas e invitados e invitadas al FIC disfrutar de una degustación de los vinos más representativos de la zona en una cata en la que se acercarán claves sobre los valores diferenciales de los blancos y tintos amparados bajo el sello de calidad de la D.O. Monterrei.

CONCERTO DE BANDA DE GARDA + AMENIZACIÓN MUSICAL

Espazo exterior do Auditorio de Verín

08-09-2023 // 22.30 horas

Tempo para a música no marco do FIC 2023 cun concerto a cargo de Banda de Garda, que realizará un vibrante recorrido polas bandas sonoras máis coñecidas do cinema. Ao remate da actividade haberá amenización musical temática na terraza do Auditorio de Verín.

CONCIERTO DE BANDA DE GARDA + AMENIZACIÓN MUSICAL

Espacio exterior del Auditorio de Verín

08-09-2023 // 22.30 horas

Tiempo para la música en el marco del FIC 2023 con un concierto a cargo de Banda de Garda, que realizará un vibrante recorrido por las bandas sonoras más conocidas del cine. Al finalizar esta actividad habrá amenización musical temática en la terraza del Auditorio de Verín.

ENCERRONA

Auditorio de Verín

09-09-2023 // 20.00 horas

Pepe Viyuela ofrece un pase do seu aclamado espectáculo *Encerrona*, que achega ao público unha reflexión sobre o cotiá desde a perspectiva do palla-so. “O protagonista vive a experiencia de quedar atrapado nas táboas á hora de entrar na escena posto que non sabe onde se está a meter. Entón atópase co público. El non vén actuar, pero vese obrigado a iso”, detalla a sinopse deste espectáculo de hora e media de duración con tintes de comedia e humor absurdo, pero tamén cun notable trasfondo para dar pé á unha reflexión sobre a propia existencia do ser humano.

ENCERRONA

Auditorio de Verín

09-09-2023 // 20.00 horas

Pepe Viyuela ofrece un pase de su aclamado espectáculo *Encerrona*, que acerca al público unha reflexión sobre lo cotidiano desde la perspectiva del payaso. “El protagonista vive la experiencia de quedar atrapado en las tablas a la hora de entrar en la escena puesto que no sabe dónde se está metiendo. Es en ese momento en el que se encuentra con el público. El no viene a actuar, pero se obligado a eso”, detalla la sinopsis de este espectáculo de hora y media de duración con tintes de comedia y humor absurdo, pero también

con un notable trasfondo para da pie a una reflexión sobre la propia existencia del ser humano.

CONCERTO DE THE FUNKLES

Espazo exterior do Auditorio de Verín

09-09-2023 // 22.15 horas

A xornada do día 9 rematará tamén con música, en concreto cun concerto a cargo do grupo The Funkles, que realizará un tributo á mítica banda de Liverpool The Beatles prestando especial atención a aquelas cancións que serviron de banda sonora para diversos filmes.

CONCIERTO DE THE FUNKLES

Espacio exterior del Auditorio de Verín

09-09-2023 // 22.15 horas

La jornada del día 9 finalizará también con música, en concreto con un concierto a cargo del grupo The Funkles, que realizará un tributo a la mítica banda de Liverpool The Beatles prestando especial atención a aquellas canciones que sirvieron de banda sonora para diversos films.

UN RURAL CHEO DE AUDIOVISUAL

Viñoteca Gandainas

10-09-2023 // 12.00 horas

O rural suscita, cada vez máis, a atención dos creadores audiovisuais e do gran público. Por iso, a organización do FIC Vía XIV de Verín considera fundamental crear espazos de encontro nos que artistas, representantes de entidades e traballadores poidan debater formalmente sobre as necesidades e posibilidades que o audiovisual representa para o rural. O apoio aos novos creadores nestas zonas, o fomento de novos públicos, o aproveitamento dos produtos audiovisuais e o achegamento das últimas tendencias ás vilas de menor dimensión serán algúns dos asuntos que ocuparán este encontro informal dentro da programación do FIC Vía XIV 2023.

UN RURAL LLENO DE AUDIOVISUAL

Vinoteca Gandainas

10-09-2023 // 12.00 horas

El rural suscita, cada vez más, la atención de los creadores audiovisuales y del gran público. Por eso, la organización del FIC Vía XIV de Verín considera fundamental crear espacios de encuentro en los que artistas, representantes de entidades y trabajadores del sector puedan debatir formalmente sobre las necesidades y las posibilidades que el audiovisual representa para el rural. El apoyo a los nuevos creadores en estas zonas, el fomento de nuevos públicos, el aprovechamiento de los productos audiovisuales o el acercamiento de las últimas tendencias a las villas de menor dimensión serán algunos de los asuntos que ocuparán este encuentro informal dentro de la programación del FIC Vía XIV 2023.

SESIÓN VERMÚ

Praza García Barbón

10-09-2023 // 13.00 horas

Sesión vermú amenizada polo grupo Massy Ferguson.

SESIÓN VERMÚ

Plaza García Barbón

10-09-2023 // 13.00 horas

Sesión vermú amenizada por el grupo Massy Ferguson.

OBRADOIRO SOBRE INTELIXENCIA ARTIFICIAL

Auditorio de Verín

10-09-2023 // De 17.00 a 19.00 horas

Seminario orientado a aqueles e aquelas que desexen iniciarse na utilización de ferramentas de Intelixencia Artificial. Ao longo dunha sesión de traballo impartida por Alfonso Sola Limia, filósofo e creador especializado en novas tecnoloxías, os asistentes mergullaranse nos aspectos máis destacados e que máis dúbidas suscitan á hora de empregar estas ferramentas.

TALLER SOBRE INTELIGENCIA ARTIFICIAL

Auditorio de Verín

10-09-2023 // De 17.00 a 19.00 horas

Seminario dirigido a aquellos y aquellas que deseen iniciarse en el uso de herramientas de Inteligencia Artificial. Durante una sesión de trabajo impartida por Alfonso Sola Limia, filósofo y creador especializado en nuevas tecnologías, profundizaremos en los aspectos más destacados y que más dudas plantean a la hora de utilizar estas herramientas.

CONCURSO DE PINTURA

Espazo exterior do Auditorio de Verín

10-09-2023 // De 17.00 a 21.00 horas

A Asociación Cultural Vía XIV, responsable da organización do Festival de Curtas de Verín, pon en marcha por primeira vez este ano un novidoso concurso de pintura orientado a artistas gráficos maiores de 16 anos. En colaboración con Artes Van Gogh e Boticas Hotel Art & SPA, a iniciativa convidará aos interesados a plasmar sobre un lenzo a representación dunha escena da historia da cinematografía, que previamente deberán escoller de xeito individual e comunicar á organización do concurso. Os artistas gráficos que participen na iniciativa disporán dun máximo de catro horas, na tarde do 10 de setembro, para realizar a súa proposta e para facela contarán coas ferramentas e co material de traballo específico que lles achegue a organización. Establecerase un premio profesional, outorgado por un xurado, e outro do

público, a través dunha votación popular. As obras estarán expostas no hall do Auditorio ata o venres, 15 de setembro.

CONCURSO DE PINTURA

Espacio exterior del Auditorio de Verín

10-09-2023 // De 17.00 a 21.00 horas

La Asociación Cultural Vía XIV, responsable de la organización del Festival de Cortos de Verín, pone en marcha por primera vez este año un novedoso concurso de pintura orientado a artistas gráficos mayores de 16 años. En colaboración con Artes Van Gogh y Boticas Hotel Art & SPA, la iniciativa invitará a los interesados a plasmar sobre un lienzo la representación de una escena de la historia de la cinematografía, que previamente deberán escoger de modo individual y comunicar a la organización del concurso. Los artistas gráficos que participen en la iniciativa dispondrán de un máximo de cuatro horas, en la tarde del 10 de septiembre, para realizar su propuesta y para llevarla a cabo contarán con las herramientas y con el material de trabajo que les proporcione la organización. Se establecerá un premio profesional, otorgado por un jurado, y otro del público, a través de una votación popular. Las obras estarán expuestas en el hall del Auditorio hasta el viernes, 15 de septiembre.

PROYECCIÓN DA CURTA ENFERMA

Auditorio de Verín

10-09-2023 // 17.30 horas

Na tarde do domingo 10 de setembro, no Auditorio de Verín proxéctase a curta *Enferma*. Un traballo dirixido por Manel Salgueiro e protagonizado polo actor local Toni Salgado. Esta curta, que se exhibe fóra do concurso oficial, é un vibrante thriller de 24 minutos que se divide en tres partes.

PROYECCIÓN DEL CORTO ENFERMA

Auditorio de Verín

10-09-2023 // 17.30 horas

En la tarde del domingo 10 de septiembre, en el Auditorio de Verín se proyecta el corto *Enferma*. Un trabajo dirigido por Manel Salgueiro y protagonizado por el actor local Toni Salgado. Este corto, que se proyecta fuera del concurso oficial, es un vibrante thriller de 24 minutos que se divide en tres partes.

O PODCAST DO FIC

Espazo exterior do Auditorio de Verín

10-09-2023 // 18.30 horas

O FIC quere achegarse a novos formatos e xeitos de dar coñecer aos seus protagonistas. Iremos coñecelos de primeira man grazas a un programa en

formato de entrevistas en directo, con toques de humor, reivindicación e cinema. Un podcast denominado *Ti mesma* que estará conducido por tres xornalistas -Carolina Aldara, Rosalía Piñeiro e Concha Caneiro- que charlarán con diferentes convidados ao certame.

EL PÓDCAST DEL FIC

Espacio exterior del Auditorio de Verín

10-09-2023 // 18.30 horas

El FIC quiere acercarse a nuevos formatos y modos de dar a conocer a sus protagonistas. Los vamos a conocer de primera mano gracias a un programa en formato de entrevistas en directo, con toques de humor, reivindicación y cine. Un podcast denominado *Tú misma* que estará conducido por tres periodistas -Carolina Aldara, Rosalía Piñeiro e Concha Caneiro- que charlarán con diferentes invitados al certamen.

HISTORIA DOS CINECLUBS EN VERÍN

Auditorio de Verín

10-09-2023 // 20.00 horas

O papel dos cineclubes en Verín é fundamental para comprender a esencia e a acollida actual do FIC Vía XIV na comarca. Así, con esta actividade, dirixida por Sabela Souto, preténdese recoller a testemuña dos protagonistas daqueles movementos cinéfilos para recuperar e salvagardar na memoria a súa relevancia. Unha actividade profesional que pretende analizar e estudar a súa evolución dende un punto de vista audiovisual, sociolóxico e histórico.

HISTORIA DE LOS CINECLUBS EN VERÍN

Auditorio de Verín

10-09-2023 // 20.00 horas

El papel de los cineclubes en Verín ha sido fundamental para comprender la esencia y la acogida actual del FIC Vía XIV en la comarca. Así, con esta actividad, dirigida por Sabela Souto, se pretende recoger el testimonio de los protagonistas de aquellos movimientos cinéfilos para recuperar y salvaguardar en la memoria su relevancia. Una actividad profesional, que pretende analizar y estudiar su evolución desde un punto de vista audiovisual, sociológico e histórico.

FOCO LOCAL

Auditorio de Verín

11-09-2023 // 17.00 horas

Trátase dun espazo dentro do FIC Vía XIV para que creadores e creadoras locais presenten as súas pezas dentro do foro e as proxecten. Un destes crea-

